XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1°.- Que o 24 de decembro de 1953 foi aprobado o Consorcio que para o monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079, como pertencente ós veciños das parroquias de Vale e Lexo, subscribiran o Concello de Baralla e o Patrimonio Forestal do Estado.

2°.- Que o 31 de marzo de 1978, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "OUCEDO E SERRA DE VALE", pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vale, termo municipal de Baralla. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, n° 162, do luns 17 de xullo do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él polo que é firme.

3°.- Que o 14 do xaneiro do ano en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral celebrada o 15 de outubro de 1996, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Monte a sinatura dun Convenio, que con nome de "SERRA DO VALE" afectase, as 15 Hás. da sua propiedade incluidas no monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079,

XUNTA DE GALICIA

- solicitar da Consellería que o novo Convenio, na parte lle afecta, anulase e substituíse o consorcio mo monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079, e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

4°.- Que o convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a conservación e tratamentos selvícola da masa existente na actualidade, o seu aproveitemento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

5°.- Que en consecuencia, o monte "SERRA DO VALE" queda constituido por:

15 Hás. do monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079.

6°.- Que as superficies do monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079, eran:

superficie total. .......... 27 Hás.
superficie repoboada. ...... 27 "

Como o monte "DE LEXO", 2715872, pasaron:

superficie total. ........... 12 Hás.
superficie repoboada. ....... 12 "

as actuais, son:

superficie total. ............ 15 Hás.
superficie repoboada......... 15 "

O novo monte "SERRA DO VALE", pasan a totalidade, é dicir:

superficie total. ............ 15 Hás.
superficie repboada.......... 15 "

7°.- <u>Gastos por traballos e ingresos do monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079.</u>

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

0 31-12-1995: ................................ 4.059.548,-Pts.
pasados m/"DE LEXO", 2715872. ................ 1.804.244,- "
saldo actual: ................................2.255.304,- "
o 31-12-1978, ano en que se clasificou como en
man común o monte da Comunidade de Vale....... 109.231,- "

A ter en conta de acordo coa Disposición Adicional Segunda de Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

$\frac{15}{15}$ x 2.255.304,- Ptas. - $\frac{15}{27}$ x 109.231,-Ptas. 2.194.620.-Ptas.

b) Ingresos:

o 31-12-1996: ................................ 609.510,-Ptas.
pasados m/"DE LEXO", 2715872. ................ 270.893,- "
saldo actual: ................................ 338.617.- "

8°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, asi como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079, pasan a conta do Convenio do monte "SERRA DO VALE", son:

a) Gastos:

traballos: .............................. 2.194.620,-Ptas.
administración: $\frac{7,85}{100}$ x 2.194.620,-Ptas.... 172.278,- "
gardería: 15 Hás. x 870,-Ptas./Há. ....... 13.050,- "
TOTAL GASTOS. .............. 2.379.948,-Ptas.

b) Ingresos:

$\frac{15 \text{ Hás.}}{15 \text{ Hás.}}$ x 338.617,-Ptas. .................. 338.617,-Pts.
TOTAL INGRESOS.............. 338.617,-Ptas.

XUNTA DE GALICIA

9°.- E que a conta do Convenio do monte "SERRA DO VALE", se abrirá cun saldo de:

2.379.948,-pesetas - 338.617,- pesetas .... 2.041.331,-Pts
===============

Á vista de todo ísto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "SERRA DO VALE".
Elenco: 2715873.
Superficie: 15 Hás.
Pertenza: Comunidade de Vale.
Termo municipal: Baralla.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado:30%.

2.- Que a conta do Convenio do monte "SERRA DO VALE", 2715873, se abra cun saldo de 2.041.331,- pesetas, sen prexuicio dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do consorcio do monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079, con posterioridade a data do seu peche.

3°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes caracteísticas:

XUNTA DE GALICIA

Nome do monte: "CAMPO DO CASTRO".

Elenco: LU-3079.

Superficie: 15 Hás.

Pertenza: Parroquia de Vale.

Termo municipal: Baralla.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1997

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo. Plácido Baamonde López.

V°B°
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Visto o expediente de firma dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños de Vale propietaria do monte veciñal en man común "SERRA DE VALE" integrado por 15 Has. procedentes do monte consorciado "Campo do Castro" que se cancela, sito no termo municipal de Baralla (LUGO), e á vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Produción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbeto da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1°.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome do monte: "SERRA DO VALE".
Elenco. 2715873.
Superficie: 15 Has.
Pertenza: Comunidade de Vale.
Termo municipal: Baralla.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do Convenio do monte "SERRA DO VALE", se abra cun salldo de 2.041.331,- pesetas, ser prexuicio dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079, con posterioridade a data do seu peche.

3°.- Que se cancele o consorcio das seguintes características:

XUNTA DE GALICIA

Nome do monte: "CAMPO DO CASTRO".
Elenco: LU-3079.
Superficie: 15 Hás.
Pertenza: Parroquia do Vale.
Termo municipal: Baralla.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro 1997.
O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL,

XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

# CONVENIO

| N.º | 271 | 5873 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a .................................... de .................................... de mil novecentos noventa e .................... .

## REUNIDOS

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do ..., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da r[redacted] Orde do 13.12.1993.

Da outra, D. JULIO FERNANDEZ VAZQUEZ ..., como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "SERRA DE VALE" ... , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 24 de Decembro de 1.956 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vale, termo municipal de Baralla ..., e son os que a continuación se describen:

Denominación: "SERRA DE VALE".

Termo municipal: Baralla Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vale, termo municipal de Baralla.

Límites:

N.: Propiedades particulares;

S.: Monte "DE LEXO";

E: Termo municipal de Láncara e

O.: Mais monte da Comunidade de Vale e propiedades particulares.

Superficie: 15 (QUINCE) Hás.

Estado forestal: 15 (QUINCE) Hás. repoboadas.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 15 (QUINCE) Hás.

Sen vexetación arbórea: - - -

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vale, termo municipal de Baralla

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 15 Hás. do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o ........ **trinta** ........ por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o ........ **setenta** ........ por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o ........ - ........ por cento, e a comunidade propietaria, o ........ - ........ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de ........ **trinta** ........ anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será~~ **O monte está repoboado con P. sylvestris e P. radiata.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

**CERTIFICO:**

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " OUCEDO E SERRA DE VALE ", veciños da parroquia de Vale, concello de Baralla.-Rexistrados o día 21-06-90 co número 0011.-

2.— Que, así mesmo, figura Don JULIO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, e Don JOSÉ SUAZO LÓPEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, desde o 03-12-94

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 21 de xaneiro de 1997.

Don JOSE SUAZO LOPEZ, Secretario da Comunidade de Vale, termo municipal de Baralla.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 15 de Octubro de 1.996 estando designado Don JULIO FERNANDEZ VAZQUEZ, Presidente da Comunidade representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Vale (Baralla) a catorce de Xaneiro de mil novecentos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: Julio Fernández Vázquez.

Asdo.: José Suazo López.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

*Pola propiedade,*

Asdº.: Julio Fernández Vázquez.

*Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,*

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O. do 13/12/93)

D. Julio Fernández Vázquez.
D. José Suazo López.
D. Jesús Fernández Caloto.

En el lugar de Vale, parroquia de Val[illegible] municipio de Baralla, siendo las diez horas del día 14 de Enero de 1.997, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Vale, cuya relación figura al margen.

Conforme con el Acuerdo adoptado por la Comunidad, reunida en Asamblea General el 15 de Octubre del pasado año, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la fi[illegible]ma de un Convenio que, con la denominación de "SERRA DE VALE", afecte a las 15 Há[illegible] del monte vecinal en mano común de su pertenencia "OUCEDO E SERRA DE VALE" consor-ciadas por el Ayuntamiento de Baralla con el Patrimonio Forestal del Estado como parte integrante del monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079, con lo que las característ[illegible]cas del monte cuyo Convenio se propone, son:

Nombre: "SERRA DE VALE".

Superficie: 15 Hás.

Límites:

N.- Propiedades particulares;

E.- Monte "DE LEXO";

S.- Término municipal de Láncara y

O.- Más monte de la Comunidad de Vale y propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le - afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079.

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiéndo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
XACOBEO'99 Galicia
San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que o 14 de febreiro de 1997 foi subscrito pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Vale, propietaria do mesmo, o Convenio do monte "SERRA DE VALE", 2715873.

2º.- Que o 28 de outubro de 1998, a Xunta Rectora da Comunidade de Vale, conforme co acordado pola mesma reunida en Asamblea Xeral o 20 de setembro do devandito ano, acordou á súa vez:

- aprobar unhas novas Bases de Convenio para o monte "SERRA DE VALE", 2715873, que incluísen as 15 Has. xa conveniadas e 46 Has., rasas na actualidade, que achegaban de novo e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura das novas Bases.

3º.- Que o Convenio segue tendo por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares existentes na actualidade, a repoboación dos terreos rasos que se achegan, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas ou que se creen, o seu aproveitamento, ademais das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fines.

4º.- En consecuencia, o novo monte "SERRA DE VALE", 2715873, queda constituído por:

15 Has. do monte "SERRA DE VALE", 2715873 e
46 Has. rasas, sen conveniar.

5º.- As superficies do monte "SERRA DE VALE", 2715873, son:

| | |
|---|---|
| superficie total | 15 Has. |
| superficie repoboada | 15 Has. |

Como a Comunidade achega:

| | |
|---|---|
| superficie total | 46 Has. |
| superficie rasa forestal | 46 Has. |

as actuais do novo monte, serán:

| | |
|---|---|
| superficie total | 61 Has. |
| superficie repoboada | 15 Has. |
| superficie rasa forestal | 46 Has. |

6º.- Que os terreos rasos serán repoboados con P.sylvestris, P. pinaster e frondosas aptas para eles, tal e como desexa a Comunidade propietaria.

Por todo isto, propoñemos:

- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "SERRA DE VALE"
Elenco: 2715873.
Superficie: 61 Has.
Pertenza: Comunidade de Vale.
Termo municipal: Baralla.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%

Santiago, 16 de febreiro de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS

Asdo.: Plácido Baamonde López

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.**

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

XACOBEO'99 Galicia

San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Visto o expediente de modificación das Bases do Convenio 2715873 do Monte Veciñal en Man Común "SERRA DE VALE", pertencente á Comunidade de Vale, Concello de Baralla, de forma que ás 15 Has. xa conveniadas se engaden 46 Has. rasas e sen conveniar na actualidade, sumando un total de 61 Has., e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación da modificación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago, 19 de febreiro de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

XACOBEO'99 Galicia

Basquiños, 2 – 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

**RESOLVO:**

Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "SERRA DE VALE"
Elenco: 2715873
Superficie: 61 Has.
Pertenza: Comunidade de Vale.
Termo municipal: Baralla.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 1999
O CONSELLEIRO
(POR ORDE 12-01-98)

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SECRETARÍA XERAL

Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

C O N V E N I O

| N.º | 271 | 5873 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a 23 de febreiro de mil novecentos noventa e nove.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JULIO FERNANDEZ VAZQUEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "SERRA DE VALE", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.– O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 24 de Decembro de 1.956 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.– Os terreos afectados polo presente Convenio pertenzen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vale, termo municipal de Baralla

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "SERRA DE VALE".

Termo municipal: Baralla. Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal Monte veciñal en man común pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vale, termo municipal de Baralla.

Límites:

N.: Mais monte da Comunidade de Vale e propiedades particulares;

L.: Propiedades particulares e monte "DE LEXO", 2715872;

S.: Termo municipal de Láncara e

O.: Propiedades particulares e mais monte da Comunidade de Vale.

Superficie: 61 (SESENTA E UNHA) Hás.

Estado forestal: 15 (QUINCE) Hás. repoboadas e 46 (CORENTA E SEIS) Hás. rasas forestais

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 15 (QUINCE) Hás.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: - - -

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vale, termo municipal de Baralla

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 15 Hás. do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079

6ª.– As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.– Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.– En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.– o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.– A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.– Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.– A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris, P. - pinaster e frondosas en solos aptos para elas.

13ª.– O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

**CERTIFICO:**

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " OUCEDO E SERRA DE VALE ", veciños da parroquia de VALE, concello de BARALLA - Rexistrados o 21-06-1990 co nº 0011.

2.—Que, así mesmo, figura Don JULIO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, e Don JOSÉ SUAZO LÓPEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, elixida o 03-12-1994

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 24 de novembro de 1998.

REXISTRO XERAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN · SECCIÓN PROVINCIAL · LUGO

Don JOSE SUAZO LOPEZ, Secretario da Comunidade de Vale, termo municipal de Baralla.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 20 de Setembro de 1.998 estando designado Don JULIO FERNANDEZ VAZQUEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Vale (Baralla)

a vinteoito de Outubro de mil novecentos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: Julio Fernández Vázquez.

Asdo.: José Suazo López.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Pola propiedade,*

Asdº.: Julio Fernández Vázquez.

*Pola Consellería de Medio Ambiente,*

O CONSELLEIRO

**O CONSELLEIRO**
(OF. DE DC. 2-01-98)
**O SECRETARIO XERAL**

*Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón*

D. Julio Fernández Vázquez.
D. José Suazo López.
D. Jesús Fernández Caloto.

En el lugar y parroquia de Vale, termino municipal de Baralla, siendo las once horas del dia 28 de Octubre de 1.998, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Vale, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la citada Comunidad, en Asamblea General celebrada el 20 del pasado mes de Septiembre, acuerdan a su vez:

1º.- Aprobar unas nuevas Bases de Convenio para el monte "SERRA DE VALE", a suscribir con la Consellería de Medio Ambiente, que incluyan las 15 Hás. ya conveniadas y 46 Hás., rasas en la actualidad, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte pasan a ser:

Nombre: "SERRA DEVALE".
Elenco: 2715873.
Superficie: 61 Hás.
Límites:

N.- Más monte de la Comunidad de Vale y propiedades particulares;
E.- Propiedades particulares y monte "DE LEXO", 2715862;
S.- Término municipal de Láncara y
O.- Propiedades particulares y más monte de la Comunidad de Vale.

2º.- Autorizar a su Presidente para la firma de las nuevas Bases de Convenio.

Y no habiéndo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.